

TREMENDA JAURÍA

Codo con codo

CUMBIATÓN INSURXENTE

Artista/banda

Desde lanzaron á rede a súa primeira canción “Guerrillerxs Madriz”, Tremenda Jauría xirou por numerosos escenarios de toda a Península empapándose de músicas, lugares e xentes. O seu primeiro LP, *Mordiendo*, resultou ser un tremendo disco con colaboracións de luxo coma as cubanas Krudxs Cubensi ou os arxentinos El Chavez. En xaneiro de 2017 sacaron un novo EP, *Cuentas Pendientes*, onde colaboran artistas coma ZOO, Kumbia Queers ou Sara Hebe que as levou a ser unha banda de referencia no panorama musical estatal máis comprometido. Feminismo, movementos sociais, ecoloxismo...

O espectáculo

Desde o corazón de Madrid vén este grupo con ganas de romper esquemas e cadeiras. Cunha boa batería de sonoridades tropicais, Tremenda Jauría fai seus ritmos como a cumbia, reggae-tón, merengue e moombahtón, un cóctel festivo que se une a un discurso xenuinamente combativo.

FICHA ARTÍSTICA

Mc Chucho: voz, guitarras, charango e produción electrónica

Mc Machet: voz, güiro e produción electrónica

Mc Larrata: voz, baixo, acordeón e produción electrónica

Ganga Dj: live deejay

Duración: 75 minutos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

